



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

RBB/mbfc

Refª: 20extractoxg24

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-8-2020

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 5 DE AGOSTO DE 2020

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día cinco de agosto deste ano, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ÁLVARO SANTOS RAMOS, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, en substitución da Vicesecretaria, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Aprónbase as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 15 e 22 de xullo de 2020.

ÁREA DE GOBERNO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder as seguintes licenzas: para modificación da altura do almacén, conservando as dimensións en planta, modificación do sistema estrutural, variando o tipo de perfís metálicos dos pilares e substituíndo as correas de madeira por perfís metálicos e eliminación da soleira de formigón prevista no interior, quedando como solado de almacén o propio terreo compactado, como modificacións en execución de obra de almacén para forraxes, con licencia 474/17, en explotación gandeira existente sita en Aldea de Abaixo-Rubiás; para a reforma de planta baixa e redución de planta alta en nave de uso industrial, sen actividade definida, autorizada con licenza número 28/19, sita na rúa Antonio Eleizegui López, número 6 (vial E, parcela O.1.2.), do parque empresarial As Gándaras; para cambio de uso de oficina a vivenda, do piso 1º do edificio existente con licenzas números 1367/02 e 666/06, sito na ronda da Muralla, números 79-80, unidade edificatoria número 390113 non catalogada e número 390114 catalogada; para a construción de muro de contención e peche nos límites este e sur do CIFP As Mercedes, sito na avda. de Madrid, número 75 e, así mesmo, para reconstrución de muro de contención e peche no CIFP As Mercedes, sito na avda. de Madrid, 75.

Acórdase non outorgar a licenza urbanística solicitada para demolición da cuberta e parte da edificación e obra nova para vivenda unifamiliar, no nº 56 da rúa Veterinario Xoán Rico Pérez, en solo clasificado no PXOM, como núcleo rural de Xuíz (sur), entorno de lugo.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS



FIRMADO por: MIGUEL FERNANDEZ MENDEZ (NIF: 33839359B)
Versión imprimible con información de firma generado desde VALIDe (<http://valide.redsara.es>)
Firma válida.

ACTAS E GOBERNO

RBB/mbfc

Refª: 20extractoxg24

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-8-2020

2. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado “sumario” e a apertura do procedemento de adxudicación, para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde na “Execución de reparacións e traballos de apoio na reparación de avarías na rede de abastecemento de auga do Concello de Lugo”. Exp. Ref. 2020-C003-000045.

Acórdase aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como o gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado “sumario” e a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde no contrato de “Servizo de reparación, conservación e mantemento dos CEIP e escolas infantís municipais”. Exp. Ref. 2020-C003-000046.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado “sumario” e a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde no contrato de “Servizo de reparación, conservación e mantemento de instalacións deportivas municipais”. Exp. Ref. 2020-C003-000047.

Do mesmo xeito, acórdase aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como o gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado “sumario” e a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde no contrato de “Servizo de reparación, conservación e mantemento dos edificios municipais”. Exp. Ref. 2020-C003-000048.

Así mesmo acórdase aprobar o proxecto de obra e o prego de cláusulas administrativas así como o gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado sumario e a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación das obras de pavimentación na zona norte da cidade de Lugo. Exp. Ref. 2020-C002-00024.

Igualmente se acorda a aprobación do proxecto de obra e do prego cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado “sumario” e a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación da obra de rexeneración de firme na estrada LU-P-2925 a Montirón e San Fiz. Exp. Ref. 2020-C002-000025.

Tamén se acorda aprobar o proxecto de obra e o prego cláusulas administrativas así como o gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado “sumario” e a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación da obra de pavimentación de viais de acceso a Castelo de Arriba Exp. Ref. 2020-C002-000026.



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

RBB/mbfc

Refª: 20extractoxg24

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-8-2020

Acórdase adjudicar a contratación da subministración dun “Vehículo de mando e comunicación VMC de nova fabricación” para o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e salvamento do Excmo. Concello de Lugo. Exp. Ref. 2020-C004-000010; a contratación do servizo de mantemento e conservación de vías urbanas. Exp. 2020/C003/000010; e a contratación do servizo de mantemento, conservación e reparación das instalacións, infraestruturas e construcións rurais singulares e patrimoniais no ámbito rural do Concello de Lugo. Expte Ref: 2020/C003/000023.

Acórdase prorrogar, dende o 14 de xullo de 2020 ata o 13 de xullo de 2021, a contratación dun servizo de comida no fogar. Exp. Ref. 7-2017; así como a prórroga da contratación do servizo de axuda no fogar no Concello de Lugo, dende o 21/06/2020 ata o 20/06/2021. (Exp. Ref. 2018-72).

Acórdase declarar deserto o procedemento de contratación do servizo de cociña, comedor e lavandería para a Escola Infantil Municipal “Gregorio Sanz” (lote 2), por non terse presentado licitador algún, e adjudicar o contrato de servizo de cociña, comedor e lavandería para a Escola Infantil Municipal “Serra de Outes” (lote 1). Exp. Ref. 2020-C003-000006

Tamén se acorda a resolución por mútuo acordo do contrato administrativo correspondente á realización de estudos e propostas técnicas sobre a Praza de Abastos, a redacción dun proxecto de obra, dirección de obra e coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras de rehabilitación da Praza de Abastos, cun 80% de cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013). Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de abastos e Proxecto 13UR7001 URBAN Auditoría e medidas de eficiencia enerxética.

Aprobouse o convenio de colaboración entre a Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A., S.M.E., e o Concello de Lugo para facilitar o ingreso en contas correntes operativas de xiros postais utilizados para pagar débedas tributarias e outras de dereito público.

3. PERSOAL.- Adoptouse o acordo de fixar como data de efectos da comisión de servizos do posto de administrativo do Servizo de Intervención o 1 de setembro de 2020.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, Miguel Fernández Méndez.



FIRMADO por: MIGUEL FERNANDEZ MENDEZ (NIF: 33839359B)
Versión imprimible con información de firma generado desde VALIDe (<http://valide.redsara.es>)
Firma válida.